

A ENEIDA

ÉPOCA

Virxilio, o autor da Eneida, viviu nunha das épocas máis convulsas da historia de Roma: despois da primitiva monarquía veu a República, forma de goberno na que o máximo poder residía no senado, composto por tres centos patricios. No ano 60 antes de Cristo os xenerais Xulio César, Pompeio e Craso formaron o chamado “triumvirato” para controlar o poder; o triumvirato dexenerou nunha longa guerra que rematou co trunfo de César no ano 45 a C: dende entón Roma foi gobernada por un poder absoluto propio dun ditador; parece que as intencións de César eran disolver a República e proclamarse rei. Como os romanos aborrecían a monarquía, conxuráronse e o 15 de marzo do ano 44 algúns senadores e asasinárono.

Despois do magnicidio en Roma houbo outra guerra civil entre os que querían facerse co control. Ao final quedaron só Marco Antonio e Octavio. Gañou Octavio converténdose no amo absoluto de todas as provincias. Impuxo a paz, restaurou o Estado e promoveu a rexeneración civil e moral de Roma. Os romanos acolleron estas medidas con entusiasmo e o Senado deulle o título de “Augusto”, de bo augurio, e catro anos máis tarde o de “Imperator”, título que outorgaba tamén todos os poderes. Roma deixou de ser unha república e pasa a ser un Imperio.

AUTOR

Virxilio naceu no ano 70 a. C. e a súa vida estivo ligada á de Octavio “Augusto”. Foi a Roma para estudar retórica, a arte de falar en público, pero sen rematar os estudos, trasladouse a Nápoles onde levaba unha vida tranquila dedicada ao pensamento e á literatura. Despois regresou a Roma e escribiu as **Bucólicas**, conxunto de dez poemas que teñen como protagonistas pastores dedicados máis ao amor e ao canto que a coidar o gando; as **Bucólicas** ofrecen unha visión idealizada da vida no campo.

Con esta obra acadou a fama. Mecenas convinceuno para que escribira un poema didáctico sobre a agricultura, actividade que Augusto quería pór en auxe. A obra chamouse **Xeórxicas**: un auténtico canto aos labores dos labregos propoñéndose reforzar a política social de Octavio Augusto. A Octavio Augusto encantoulle o poema. Era o ano 29 a C. e viu o tremendo potencial propagandístico do xenial Virxilio.

Octavio encargoulle a Virxilio unha obra que exaltara o patriotismo, a relixiosidade dos romanos e a misión transcendente do Emperador. Así foi como naceu a **Eneida** un maxistral poema épico que lle ocupou os doce derradeiros anos da súa vida. Durante este tempo, foi medrando a expectación na xente e Virxilio gozaba de honores e fama. Publicouse dous anos despois da súa morte, cando aínda lle quedaban moitos retoques por facer. Foi no ano 17 a C.

ENEAS E A FUNDACIÓN DE ROMA

Virxilio non quere gabar a Augusto, senón que prefire algo máis imaxinativo: dá a entender que a prosperidade presente de Roma é o resultado dos esforzos dos antepasados e da vontade dos deuses. Bota man de lendas, mitos e feitos reais que narraban a historia de Roma.

Segundo unha lenda, os troianos que sobreviviran á destrución da súa cidade, reuníronse arredor de Eneas, fillo da deusa Venus e un mortal, Anquises. A bordo de dez naves vagaron durante anos polo Mediterráneo na busca dun lugar para descubrir unha nova Troia.

Desembarcaron no Lacio, no centro da Península Itálica, e alí fundaron unha cidade na que reinaron durante séculos deica a historia de Rea Silvia. Esta moza, que debería dar os herdeiros que ocupasen o trono, foi desprazada polo seu tío, quen ademais consagra a Rea Silvia á deusa Vesta (as sacerdotisas de Vesta tiñan que manterse virxes). Porén, Rea Silvia deu a luz a dous xemelgos, porque o deus Marte a seducira.

Rómulo e Remo, os dous xemelgos foron depositados nun canastra e abandonados no río Tíber; unha loba topounos e aleitounos. Cando medraron decidiron fundar unha cidade na ribeira do Tíber. En abril do 753 a C. comezouse a construción de Roma. E así foi como Eneas, fillo de Venus, e os seus descendentes, como Rómulo, fillo de Marte, fundaron a cidade chamada a dominar o mundo.

PARTES DA ENEIDA

Distinguimos dúas partes:

1. Os seis primeiros libros narran unha viaxe: cóntannos o que sucedeu durante os sete anos que tardaron en chegar os troianos ao Lacio; ten grandes influencias da *Odisea*: na viaxe Eneas ten que pasar entre os monstros Escila e Caribdis, topa cos Cíclopes en Sicilia, descende aos Infernos e mantén unha intensa relación amorosa cunha muller, Dido, a raíña de Cartago, unha cidade situada no norte de África. Dido por máis que se empeña en reter a Eneas, non o consegue. Eneas traízoa a Dido e dende entón os cartaxineses xuran odio eterno aos descendentes dos troianos, máis tarde chamados “romanos”. Os dous imperios vanse enfrontar nas *Guerras Púnicas*.
2. Os seis últimos libros narran unha guerra: No Lacio viven os latinos. Cando Eneas chega ao Lacio, a filla do rei vai casar con Turno, pero o rei decide casar a filla con Eneas. Comeza así unha serie de episodios bélicos inspirados na *Ilíada*, o poema homérico sobre a guerra de Troia. A disputa por unha muller, Helena e Lavinia, as arengas, os heroes... Porén, a violencia da guerra acaba por desembocar nun período de concordia e paz, igual que fixera Octavio Augusto pondo fin ás loitas fraticidas.

A Eneida está protagonizada polos personaxes típicos da épica: heroes, reis, deuses e semideuses, mais o protagonista é Eneas. Dido é unha muller que se nos presenta como forte e impulsiva que non controla os seus sentimentos, por contraste con Eneas. Outros personaxes destacados son Anquises, o pai de Eneas, Iulo Ascanio, o fillo. No bando dos latinos xa dixemos que destaca Turno.

Tamén os deuses interveñen na acción, como sucede cos poemas homéricos: mentres que Venus (Afrodita) favorece a Eneas, Xuno (Hera) vai facer todo o posible para que non chegue ao Lacio. No medio, Júpiter (Zeus).